

# REGULAMENTO

## I TRAVESÍA NADO POLO DANO CEREBRAL

### 2022

#### 1. PRESENTACIÓN

A [FEDERACIÓN GALEGA DE DANO CEREBRAL](#) (constituída polas cinco asociacións galegas de dano cerebral adquirido: ADACECO na Coruña, ADACE Lugo, ALENTO en Vigo, RENACER en Ourense e SARELA en Santiago), xunto coa [Asociación Deportiva Cultural Arousaman Manolo O Nacho, Aitor de Luis González e Guillermo Díez Lorenzo](#), organizan a I Travesía a Nado polo Dano Cerebral.

Trátase dunha travesía solidaria non competitiva cos obxectivos de dar visibilidade ao dano cerebral adquirido así como de promover hábitos de vida saudable a través da práctica de deporte para así poder previr o dano cerebral adquirido e a súa principal causa, o ictus. A recadación por participar na proba será destinada a FEGADACE para o desenvolvemento da súa acción e misión orientadas a mellorar a calidade de vida das persoas e familias con dano cerebral adquirido.

#### 2. DATA E LUGAR

A I Travesía Nado polo Dano Cerebral celebrarase o sábado **16 de xullo de 2022 ás 17:00 h** na [Praia do Preguntoiro de Vilaxoán](#), no Concello de Vilagarcía de Arousa (Pontevedra).

#### 3. PERCORRIDO

Esta proba non é competitiva e poderán participar nela tanto persoas federadas como non federadas.

O percorrido dispón dun triángulo de 900 metros, habendo **2 modalidades de participación**:

- 1. Dúas voltas que compoñen 1800 metros**
- 2. Unha volta de 900 metros**

A saída e a chegada dos percorridos de 1.800 e 900 metros será desde o punto indicado pola organización no areal da praia.

As persoas participantes deberán estar no punto de saída 10 minutos antes da hora programada para o inicio de cada proba, mantendo a distancia de seguridade respecto a outros nadadores.

Por megafonía faranse os correspondentes chamamentos para a formación das saídas.

2

## 4. INSCRICIÓNS

A inscrición é persoal e intransferible e supón a aceptación do presente regulamento. Baixo ningunha circunstancia, unha vez formalizada a inscrición, a participación pode ser transferida a outra persoa.

O período de inscricións abrirase o 10 de xuño ás 13:00 horas e así permanecerá ata o 10 de xullo ás 23:59 horas. Non se admitirá ningunha inscrición fóra dese prazo nin no día da proba.

As inscricións poderán facerse cubrindo o formulario accedendo a el a través da seguinte ligazón ou código QR:

<https://forms.gle/UHEuAADAEvvULKu6>



O prezo da inscrición, independentemente da distancia, é de 20 euros. O pagamento poderá levarse a cabo das seguintes maneiras:

- Por transferencia bancaria a través do número de conta **ABANCA ES73 2080 5355 6530 4004 3248**:
  - BENEFICIARIO: **Federación Galega de Dano Cerebral**
  - CONCEPTO: **Polo Dano Cerebral + nome e apelidos da persoa participante**
  - Enviar resgardo/documento de pago ao enderezo electrónico [polodanocerebral@fegadace.org](mailto:polodanocerebral@fegadace.org) cos seguintes datos:
    - ASUNTO: INSCRICIÓN NADO POLO DANO CEREBRAL
    - NOME E APELIDOS DA PERSOA PARTICIPANTE OU PERSOAS PARTICIPANTES (no caso de facer varios pagos en concepto de inscrición)

- A través de BIZUM:
  1. Entra na aplicación de banca móbil: BIZUM
  2. Seleccionar “Enviar diñeiro a unha ONG”
  3. Introducir o Código da Federación Galega de Dano Cerebral: **05712**
  4. Indicar importe: **20€**
  5. Concepto: **Polo Dano Cerebral + nome e apelidos da persoa participante**
  6. **Facer captura de pantalla e enviala ao enderezo electrónico: [polodanocerebral@fegadace.org](mailto:polodanocerebral@fegadace.org)** cos seguintes datos:
    - ASUNTO: INSCRICIÓN NADO POLO DANO CEREBRAL
    - NOME E APELIDOS DA PERSOA PARTICIPANTE OU PERSOAS PARTICIPANTES (no caso de facer varios pagos en concepto de inscrición)

No caso de facer o pagamento para varios participantes, haberá que indicar o nome e apelidos de todos/as por separado no concepto ou cando se envíe o e-mail co documento/captura de pantalla do pago detallado.

PARA AQUELAS PERSOAS QUE NON PODEN PARTICIPAR NO EVENTO PERO DESEXAN COLABORAR IGUALMENTE, PÓDENO FACER A TRAVÉS DOS MESMOS MEDIOS DE PAGO CA INSCRICIÓN INDICANDO NO CONCEPTO “**DORSAL 0 POLO DANO CEREBRAL**”.

Para calquera dúbida, pódese contactar coa organización en [polodanocerebral@fegadace.org](mailto:polodanocerebral@fegadace.org) ou no teléfono [881 943 148](tel:881943148) en horario de 9:00 a 14:00 horas de luns a venres.

A prezo da inscrición inclúe:

- Camiseta técnica oficial
- Gorro de natación
- Avituallamento na chegada (auga, froita e barras enerxéticas)
- Embarcacións e kaiaks de apoio
- Ambulancia
- Seguro de accidentes individual
- Balizado da proba
- Gardarroupa e vestiarios
- Medidas hixiénico-sanitarias fronte á COVID-19 requiridas no momento da proba

Haberá servizo de gardarroupa, así como vestiarios para cambios e aseos para uso exclusivo das persoas participantes na proba no [Centro Socio Cultural e Deportivo de Vilaxoán](#), situado nas inmediacións da praia. A praia conta con varias duchas ao longo do paseo.

**Os nadadores e nadadoras deberán ir á zona de carpas para, ademais de validar a súa inscrición, recoller a camiseta técnica e gorros. No caso de non poder recollelas persoalmente, poderá facelo unha terceira persoa coa fotocopia do DNI da persoa participante.**

No suposto de que a proba se suspenda por motivos de forza maior ou por razóns sanitarias NON se reembolsará o importe da inscrición.

Unha vez feita a inscrición NON se devolverá o importe da mesma en ningún caso, nin tampouco se poderá cambiar o percorrido.

Idade mínima de participación: a partir de 18 anos (cumpridos no día da proba).

## 5. HORARIOS



De 15:00 ata as 16:30 horas: Validación da inscrición, recollida de dorsais e entrega de camiseta e gorro no lugar habilitado do areal (zona carpas)

16:45 horas: Explicación por megafonía do percorrido da proba no punto da saída e foto grupal

17:00 horas: Saída da proba

17:40 horas: Chegada dos e das primeiras participantes

18:30 horas: Finalización da proba no mar

A proba seguirá un programa e uns horarios que serán de obrigado cumprimento por parte de todas as persoas participantes. No caso de que algún participante se presenta fóra da hora establecida para a saída oficial, considerarase como non presentado e non poderá participar na proba. Calquera cambio ou modificación comunicaranse ao enderezo de correo electrónico que apareza en cada formulario de inscrición.

## 6. SEGURIDADE

Cada nadador/a participa baixo a súa responsabilidade supoñendo que posúe uns niveis e condición física suficientes para afrontar a proba. A organización non se fai responsable de calquera lesión ou padecemento por imprudencia, negligencia ou falla de forma física da persoa participante. Todos os nadadores e nadadoras da travesía, coa súa inscrición, aceptan o compromiso da seguridade e responsabilidade, que deberán ler antes de inscribirse.

No mar colocaranse boias para marcar o percorrido e facilitar a orientación dos nadadores e nadadoras. Haberá lanchas pneumáticas, kaiaks e outras embarcacións seguindo a proba. A organización contará cunha ambulancia en meta así como de voluntariado da Asociación de Busca e Salvamento de Galicia.

É obrigatorio o uso de boia de seguridade por parte dos/as nadadores/as. O emprego de neopreno durante a travesía é optativo.

## 7. USO DE DATOS DOS E DAS PARTICIPANTES

Normativa: Regulamento (UE) 2016/679 RGPD.

Responsable: FEDERACIÓN GALEGA DE DANO CEREBRAL.

Finalidade: Organización da actividade Travesía a Nado Polo Dano Cerebral.

Base legal: O consentimento prestado e a súa solicitude para participar na actividade.

Cesións de datos. Os datos non serán cedidos a terceiros, agás os imprescindibles para a tramitación dos seguros obrigatorios.

Período de conservación dos datos: Os seus datos consérvanse o tempo necesario para a organización da actividade ou dirante os anos necesarios para cumprir coas obrigas legais.

Dereitos: Poderá exercitar os dereitos de oposición, acceso, rectificación, limitación, supresión e portabilidade mediante escrito dirixido a FEGADACE (Federación Galega de Dano Cerebral). Rúa Galeras, 17, 2º, Oficina 5 - 15705 Santiago de Compostela.

Información adicional: <https://www.fegadace.org/files/mscfegadace/2018-8/3-11-18-16.admin.informacion-toma-publicacion-imaxes-adicional.pdf>

## 8. MOTIVOS DE DESCUALIFICACIÓN

- × Iniciar a saída antes de que se dea o sinal.
- × Alterar a marcha doutros nadadores/as, vulnerando as elementais normas de respecto e 'Fair Play'.
- × Acceder á meta por calquera outro sitio distinto ao da chegada.
- × Non levar posto o gorro en todo momento.
- × Superar as boias por un lado diferente do indicado pola organización.
- × Cando a organización valore que un participante está poñendo en risco a súa integridade física, o cal deberá abandonar a travesía.
- × Empuxar a un nadador no momento de entrar en meta. Os participantes deberán respectar en todo momento a orde de chegada.
- × Calquera outra circunstancia non prevista no presente regulamento pero que, a xuízo da organización, sexa motivo de descualificación.

**Este regulamento poderá ser modificado pola organización para un óptimo desenvolvemento da proba e para adaptalo á situación sanitaria e á normativa aplicada polas autoridades competentes.**

**Unha vez realizada a inscrición móstrase conformidade da persoa participante con dito regulamento, o compromiso de seguridade e o descargo de responsabilidade.**

Santiago de Compostela, a 10 de xuño de 2022